

De cando a Illa de San Simón era un lazareto e de como afectou tal cousa á vila de Vigo.

De cuando la isla de San Simón era un lazareto y de cómo afectó tal cosa a la villa de Vigo.

From when the San Simón Island was a leper hospital and how it affected to the village of Vigo.

Bibliografía:
As illas de San Simón
Jose Antonio Orge-Quinteiro
Ed. Xunta de Galicia
Consellería de Cultura. 1998.

A illa de San Simón e a súa compañeira pequena San Antón son actualmente dúas xoias do patrimonio natural galego situadas no fondo da Ría de Vigo. Baixo a súa aparencia idílica agóchase unha traxectoria de varios séculos na que se mesturan todo tipo de episodios históricos. Algúns destes son bastante coñecidos, como a pegada cultural dos trovadores da Idade Media ou a etapa na que as illas funcionaron como campo de concentración franquista durante e despois da guerra civil. Outros, porén, son case descoñecidos e conteñen en si mesmos parte da semente do que son o Vigo actual e a súa comarca. Probablemente, pola súa singularidade, o máis destacable é a etapa na que a illa serviu de lazareto.

Un «lazareto» (do latín *lazarus*, leproso) era un hospital ou lugar afastado das zonas poboadas que estaba en condicións de aloxar en corentena a aqueles sospeitosos de portar algunha enfermidade contaxiosa. A creación destas institucións xeralizouse a partires do século XVIII nunha Europa asoballada por epidemias de todo tipo como consecuencia do incremento exponencial do tráfico marítimo intercontinental. En España, o primeiro centro destas características instalouse na vila de Mahón (Illa de Menorca, Baleares) no ano 1817. En 1826 xurdiu a necesidade dun segundo lazareto para dar cobertura aos barcos procedentes de América, sendo o primeiro lugar no que se pensou as «Islas Bayonas» (as nosas Illas Cíes de

hoxe en día). A Illa de San Simón, que pertencía daquela á vila de Vigo, foi o lugar elixido como emprazamento para este segundo lazareto tras unha disputa de dez anos entre varias cidades.



Entre os factores determinantes desta elección destaca o andazo de cólera morbo asiático que devastou a bisbarra de Vigo no ano 1833 e que, tras a súa expansión por toda a península ibérica, entre ese ano e 1834 provocou cerca de 300.000 mortes.

En 1837 aprobouse o proxecto, sendo autorizado definitivamente pola raíña Isabel II en 1838 nunha Real Orde na que as razóns comerciais superaban con moito ás razóns médicas. O comerciante local Norberto Velázquez Moreno foi o encargado de realizar a obra a cambio de certos beneficios e dereitos mercantís de explotación da illa. As súas condicións foron aceptadas en 1839 e en 1842 xa se rematara a construción das infraestruturas básicas. Así e todo, gran parte da obra foi levándose a cabo con moita calma nas décadas sucesivas, de forma que aínda entre 1880 e 1890 tiveron lugar intervencións de certa importancia.

Entre 1842 e 1854 o lazareto funcionou a pleno rendimento. Cerca de 46.000 persoas atendidas, 2.439 buques rexistrados e uns ingresos medios anuais próximos ao medio millón de reais dan conta do seu éxito. De aí en adiante a institución sufriu un lento declive que conduciu ao seu peche definitivo en 1927.

O lazareto de San Simón marcou o despegue económico e poboacional da vila de Vigo, de forma que a cidade que coñecemos actualmente non tería sido a mesma sen a súa construción.

1. Ilustración de 'El recreo compostelano', nº13, 1842.
2. <http://vigopedia.es>
3. La revista moderna, 3 de setembro de 1898. Imaxe procedente da web <http://anecdotorioredondelan.jimdo.com/>



La isla de San Simón y su compañera pequeña, San Antón, son actualmente dos joyas del patrimonio natural gallego situadas en el fondo de la Ría de Vigo. Bajo su apariencia idílica se esconde una trayectoria de varios siglos en la que se mezclan todo tipo de episodios históricos. Algunos de ellos son bastante conocidos, como la huella cultural de los trovadores de la Edad Media o la etapa en la cual las islas funcionaron como campo de concentración franquista durante y después de la guerra civil. Otros, sin embargo, son casi desconocidos y contienen en sí mismos parte de la semilla de lo que es el Vigo actual y su comarca. Posiblemente, por su singularidad, lo más destacable es la etapa en la cual la isla sirvió de lazareto.

Un lazareto (del latín *lazarus*, leproso) era un hospital o lugar alejado de las zonas pobladas que estaba en condiciones de alojar en cuarentena a aquellos sospechosos de portar alguna enfermedad contagiosa. La creación de estas instituciones se generalizó a partir del siglo XVIII en una Europa dominada por epidemias de todo tipo como consecuencia del incremento exponencial del tráfico marítimo intercontinental. En España, el primer centro de estas características se instaló en la villa de Mahón (Isla de Menorca, Baleares) en el año 1817. En 1826 surgió la necesidad de un segundo lazareto para dar cobertura a los barcos procedentes de América, siendo el primer lugar en el que se pensó las «Islas Bayonas» (nuestras Islas Cíes de hoy en día). La Isla de San Simón, perteneciente de aquella a la villa de Vigo, fue el lugar elegido finalmente como emplazamiento para este segundo lazareto tras una disputa de diez años entre varias ciudades.

Entre los factores determinantes de esta elección destaca la epidemia de cólera morbo asiático que asoló la comarca de Vigo en el año 1833 y que, tras su expansión por toda la península ibérica entre ese año y 1834 provocó cerca de 300.000 muertes.

En 1837 fue aprobado el proyecto, siendo autorizado definitivamente por la reina Isabel II en 1838 en una Real Orden en la cual las razones comerciales superaban con mucho a las razones médicas. El comerciante local Norberto Velázquez Moreno fue el encargado de realizar la obra a cambio de ciertos beneficios y derechos comerciales de explotación de la isla. Sus condiciones fueron aceptadas en 1839, y en 1842 ya se había terminado la construcción de las infraestructuras básicas. Sin embargo, gran parte de la obra fue llevándose a cabo con mucha calma en décadas sucesivas, de forma que aún entre 1880 y 1890 tuvieron lugar intervenciones de cierta importancia.

Entre 1842 y 1854 el lazareto funcionó a pleno rendimiento. Cerca de 46.000 personas atendidas, 2.439 buques registrados y unos ingresos medios anuales cercanos al medio millón de reales dan cuenta de su éxito. De ahí en adelante la institución sufrió un lento declive que condujo a su cierre definitivo en 1927.

El lazareto de San Simón marcó el despegue económico y poblacional de la villa de Vigo, de forma que la ciudad que conocemos actualmente no habría sido la misma sin su construcción.

Bibliografía:
As illas de San Simón
Jose Antonio Orge-Quinteiro
Ed. Xunta de Galicia
Consellería de Cultura. 1998.

The San Simón Island and its little partner, San Antón, are nowadays two jewels of the Galician natural heritage at the bottom of the estuary of Vigo. Under its idyllic appearance is hidden a trajectory of several centuries in which all types of historical events are intertwined. Some of them are really well-known, for example the cultural traces of the troubadours of the Middle Age or the period in which the islands worked as a Francoist concentration camp during and after the Civil War. Others, however, are almost unknown and contain in itself part of the seed of what it is the contemporary Vigo and its region. Perhaps, by its singularity, the most remarkable period was in which the island was used as a leper hospital.

A leper hospital (of latin origin *lazarus*, meaning leprosy) was a hospital or a place away from the populated areas that was in condition to host in quarantine to those suspicious of suffering a contagious disease. The creation of these institutions was generalised from the XVIIIth century in a Europe full of epidemics of all kinds as a consequence of the exponential increase of the intercontinental maritime traffic. In Spain, the first centre of these characteristics was set up in the village of Mahón (Menorca Island, Baleares) in the year 1817. In 1826 there was a need of a second leper hospital to cover the ships coming from America. At the beginning, the place that was thought of to be the leper hospital was the «Bayonas Island» (our current Cíes Islands). Finally, the San Simón Island, at that time it belonged to the village of Vigo, was the chosen place as the location for the second leper hospital after the dispute among several cities.

Among the decisive factors of the choice stand out the epidemic of Asian cholera that devastated the region of Vigo in 1833 and that, after its expansion over the Iberian Peninsula between that year and 1834 caused around 300.000 deaths.

In 1837 the project was approved, being definitely authorized by the Queen Elizabeth II in 1838 in a sovereign ordinance in which the commercial reasons surpassed the medical reasons. The local businessman Norberto Velázquez Moreno was the person in charge of doing the construction in exchange for several benefits and commercial rights of exploitation of the island. His conditions were accepted in 1839, and in 1842 the construction of the basic infrastructure was already done. However, a big part of the construction was done very calmly in the following decades, between 1880 and 1890 there were some important interventions.

Between 1842 and 1854 the leper hospital was working in full performance. Around 46.000 persons were looked after, 2.439 ships were registered and the average annual income was nearly half a million real (old Spanish coin), are the proofs of its success. From here onwards the institution suffered a slow decline in 1927.

The leper hospital of San Simón indicated the economic and population takeoff of the villaje of Vigo, in a way that the city that we know today wouldn't be the same without this construction.

Bibliography:
As illas de San Simón
Jose Antonio Orge-Quinteiro
Ed. Xunta de Galicia
Consellería de Cultura. 1998.